

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 5 DE DECEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se dispón que cese José Carlos García Bouzas como director xeral da Axencia Galega de Seguridade Pública.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese Miguel Corgos López-Prado como director xeral de Orzamentos.
- Decreto polo que se dispón que cese Francisco Javier Rodríguez Seijo como director xeral de Planificación e Fondos.
- Decreto polo que se nomea a Miguel Corgos López-Prado director xeral de Planificación e Orzamentos.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Eliseo Diéguez García como director do Instituto Enerxético de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño primitivo ou de Ovedo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Esperanza Fernández Lago como directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se dispón que cese Odilo Martiñá Rodríguez como director xeral de Relacións Laborais.
- Decreto polo que se dispón que cese María Amparo González Méndez como directora xeral de Promoción do Emprego.
- Decreto polo que se dispón que cese Ana María Díaz López como directora xeral de Formación e Colocación.
- Decreto polo que se nomea a Odilo Martiñá Rodríguez director xeral de Traballo e Economía Social.
- Decreto polo que se nomea a María Amparo González Méndez directora xeral de Familia e Inclusión.
- Decreto polo que se nomea a Ana María Díaz López directora xeral de Emprego e Formación.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o 'Programa de realoxo de colectivos afectados por execucións hipotecarias'.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable de contido arqueolóxico e ámbito local do Centro Arqueolóxico do Barbanza, no concello de Boiro (A Coruña).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo integrado de helicópteros e brigadas helitransportadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais durante as precampañas e campañas dos anos 2013 e 2014 (proposta 28/12-I), por un importe total de doce millóns trescentos oitenta e oito mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta e oito céntimos (12.388.254,88€).
- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto da liña de alta tensión 132 Kv Gondomar-O Rosal sobre a que cualifica o monte veciñal en man común de Santa Mariña, concello do Rosal. Superficie de afección: 11,31 ha.

A ASESORÍA XURÍDICA XERAL E A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DEPENDERÁN DO VICEPRESIDENTE DA XUNTA

O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia que, pola súa importancia e natureza, procede que queden adscritas funcionalmente á devandita Presidencia.

Tendo en conta os criterios de eficacia, economía e austeridade que inspiran a actuación e a organización administrativa, a Secretaría Xeral da Presidencia, a Secretaría Xeral de Medios, a Secretaría Xeral da Emigración, a Secretaría Xeral para o Deporte, a Secretaría Xeral para o Turismo e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, continúan como órganos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

A principal novidade radica en que a Asesoría Xurídica Xeral e a Secretaría Xeral da Igualdade –ata o de agora integradas na Presidencia da Xunta- pasan a incorporarse á estrutura da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Así, dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes órganos superiores e de dirección:

1. Secretaría Xeral da Presidencia
 - 1.1. Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia
2. Secretaría Xeral de Medios
 - 2.1. Dirección Xeral de Comunicación
3. Secretaría Xeral da Emigración
4. Secretaría Xeral para o Deporte
5. Secretaría Xeral para o Turismo

Tamén queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O Decreto aprobado hoxe contén unha Disposición adicional na que se recolle que, unha vez constituída, a Axencia de Turismo de Galicia asumirá as competencias atribuídas á Secretaría Xeral para o Turismo. A dita Axencia tamén asumirá os servizos de Turismo das xefaturas territoriais, que quedarán suprimidos no momento da constitución da Axencia.

A XUNTA REDUCE UN 10 POR CENTO OS SEUS ALTOS CARGOS

- ***O Goberno galego segue a poñer en práctica a política de austeridade e eficiencia iniciada na anterior lexislatura***

O Consello da Xunta vén de aprobar na súa reunión de hoxe o decreto que fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta, no que haberá 10 altos cargos menos que na pasada lexislatura, o que supón unha redución de aproximadamente o dez por cento.

Esta redución engádese á que xa fixera Alberto Núñez Feijóo á súa chegada á Presidencia da Xunta en 2009, cando o número de altos cargos xa baixara un 47 por cento e as 13 consellerías existentes diminuíron a dez, sendo agora oito tras a última reestruturación do Goberno galego, o máis reducido dos Executivos das Comunidades Autónomas históricas.

As novidades aprobadas hoxe por decreto son:

- Na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, suprímese o cargo de director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, xa que esa dirección xeral pasa a ser desempeñada polo titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Na consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, suprímese o cargo de Presidente do Xurado de Expropiación de Galicia que pasa a ter rango de subdirector xeral, e suprímese o cargo de Director do Instituto de Estudos do Territorio, que pasa a ter rango de subdirección xeral.
- Na consellería de Economía e Industria, suprímese o cargo de director do Instituto Enerxético de Galicia xa que esa dirección pasa a ser desempeñada polo titular da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
- Na consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, suprímese o cargo Xerente da Fundación Pública Illa de San Simón, xa que a partir da entrada en vigor do Decreto iniciaránse os tramites para a extinción e liquidación da Fundación.
- Na Consellería de Sanidade, fusionáanse a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, o Instituto Galego de Administración Sanitaria e a Axencia Galega de Administración de tecnoloxías. A maiores, na correspondente lei procederáse á fusión nun único órgano do Centro de Transfusións de Galicia, a Oficina de Coordinación de Transplantes ou os bancos de tecidos terapéuticos e biobancos do Sergas.

- Na Consellería do Medio Rural e do Mar, suprímese o cargo de Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dado que esta Dirección será desempeñada polo titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

A maiores, está prevista a supresión doutros dous altos cargos coa vindeira Lei de Orzamentos:

- Na Consellería de Facenda suprímese un cargo de director ao refundirse nun só organismo o ente público Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e o organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

- Na Consellería de Traballo e Benestar suprímese o cargo da Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga).

Modificacións na estrutura

Por outra banda, tamén se producen modificacións nalgúns centros directivos, de tal xeito que:

- A Asesoría Xurídica Xeral e a Secretaría Xeral de Igualdade pasan a depender da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- En Facenda, a Dirección Xeral de Orzamentos convértese en Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, mentres que a Dirección Xeral de Planificación e Fondos pasa a ser Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos.

- En Traballo e Benestar, reorientase a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a de Promoción do Emprego e a de Formación e Colocación, pasando a denominarse Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, Dirección xeral de Emprego e Formación e Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

CONSELLERÍA DE FACENDA

DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Miguel Corgos López-Prado

Miguel Corgos López-Prado é licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade da Coruña. Especialidade Economía Financeira. Máster en auditoría de contas e Máster en Administración Financeira e Tributaria da antedita Universidade.

Pertence á Escala Superior de Finanzas da Xunta de Galicia na especialidade de Intervención e na de Inspección e Xestión Financeira e Tributaria. Diploma de directivo. Profesor en diversos programas Máster da USC .

Subdirector Xeral de Control Financeiro Permanente da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Subdirector Xeral de Control Orzamentario do Gasto da Dirección Xeral de Orzamentos.

Ata o de agora ocupaba o cargo de director xeral de Orzamentos.

A XUNTA DE GALICIA APROBA A DELIMITACIÓN DEFINITIVA DO CAMIÑO DE SANTIAGO PRIMITIVO OU DE OVEDO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao trazado desta ruta e o seu ámbito de protección, garantindo así a conservación dos lugares, edificios e paraxes por que transcorre***
- ***A Consellería de Cultura e Educación cumprindo co seu compromiso de avanzar na posta en valor das rutas xacobeas xa ten aprobado ademais o trazado definitivo do Camiño Francés, e traballa na delimitación do Camiño Inglés, Camiño Portugués e Camiño Norte***

O Consello da Xunta acaba de aprobar a delimitación oficial do Camiño de Santiago coñecido como Primitivo ou de Ovedo, unha medida que garantirá unha mellor protección dos lugares, edificios e paraxes por que discorre esta ruta. A delimitación do trazado desta ruta e do seu ámbito de protección foi aprobada tras escoitar aos representantes dos concellos polos cales transcorre o Camiño e o Comité Asesor do Camiño de Santiago e unha vez analizadas as alegacións presentadas durante o período de información pública de dous meses, que rematou o pasado día 9 de decembro.

O Camiño Primitivo, que é unha das dúas variantes do Camiño Norte, constitúe un dos roteiros históricos de maior simbolismo do norte peninsular. Ao seu paso por Galicia, discorre polos termos municipais da Fonsagrada, Baleira, Castroverde, Lugo, Guntín, Friol, Palas de Rei, Toques e Melide, onde entronca coa ruta principal do Camiño de Santiago, o Camiño Francés.

A delimitación da vía de peregrinación interior do Camiño de Santiago do Norte comezara no ano 1997, e permanecía sen resolver. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá agora resposta á demanda da súa valorización e recuperación, co dobre obxectivo de fixar un trazado continuo principal que se corresponda co transmitido pola tradición ata os nosos días, e de delimitar un ámbito de protección que garanta a integridade e autenticidade desta ruta xacobeas.

Coa delimitación deste camiño xa son dúas as rutas xacobeas que contan cun trazado oficial, despois de que no pasado mes de novembro se pecharase completamente a delimitación do Camiño Francés – do que só restaba o último tramo, ao seu paso por Santiago de Compostela-. Proximamente está previsto que o Consello da Xunta aprobe o trazado definitivo do Camiño Inglés, que xa está incoado, e trabállase co obxectivo de delimitar o Camiño Portugués e o Camiño Norte pola costa na primeira parte do 2013.

Ruta tradicional

O trazado principal deste camiño discorre na súa práctica totalidade pola ruta tradicional, herdeira viva do antigo camiño medieval, agás naqueles puntos en que está perdido ou é irrecuperable. Para estes casos fixouse un trazado alternativo, acorde cos


valores inmateriais asociados ao camiño, tendo en conta aspectos relativos á súa calidade ambiental, a presenza de elementos patrimoniais, condicións construtivas e lóxica territorial en xeral. Ademais, recóllense tamén trazas con vestixios históricos documentados, treitos perdidos da ruta dos cales aínda se conservan restos e deben quedar documentados.

No ámbito delimitado resulta de aplicación o réxime de protección establecido pola lei de protección dos Camiños de Santiago, consistente na intervención da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con carácter previo á correspondente licenza, que resolverá na procura da conservación física do camiño, o respecto dos valores xacobeos e a preservación das características tradicionais da zona, o que, en termos xerais, leva implícito o mantemento das actividades agrarias. Ademais, a Administración cultural deberá ser informada de todos os plans, programas e proxectos que alteren a paisaxe que quede dentro da bacía visual do Camiño e poidan afectar aos seus valores, a fin de propoñer as medidas protectoras e correctoras que se consideren necesarias para a protección do patrimonio cultural.

Metodoloxía

Para a realización da delimitación do trazado e do ámbito de protección, os técnicos da Dirección Xeral tomaron como base a delimitación realizada nos anos noventa, contrastándoa cos estudos históricos e coa información cartográfica e fotográfica dispoñible, tanto histórica como actual. Así mesmo, realizouse unha completa prospección sobre o terreo e recolleuse información entre os veciños.

Unha vez elaborado o trazado, foi exposto e contrastado con representantes de todos os concellos afectados, da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e o Comité Asesor do Camiño de Santiago, atendendo ás suxestións e pareceres das devanditas partes para incorporalas ao expediente. A Asociación de Amigos do Camiño Primitivo, que non aceptou a invitación para participar nas reunións previas, presentou alegacións que foron analizados e contestados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.



DIRECTO XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

Odilo Martiñá Rodríguez

Naceu o 30 de xullo de 1965 e reside en Santiago de Compostela. Licenciouse en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela e posteriormente realizou os cursos de doutoramento. Posúe o título de técnico superior en Prevención de Riscos Laborais, realizou un curso superior nesta materia. Ademais, foi relator en diversas xornadas sobre seguridade e saúde laboral, servizos públicos de emprego e intermediación laboral e formación ocupacional.

É funcionario do corpo superior da Xunta de Galicia, onde entre 1983 e 1986 ocupou o cargo de xefe de servizo de formación ocupacional. A partir de entón foi subdirector xeral de Colocación ata o ano 2002, data en que foi nomeado director xeral de Formación e Colocación. Desde o ano 2005 viña ocupando o cargo de xefe de servizo de seguridade e saúde laboral.

Representa a Comunidade Autónoma galega no grupo de traballo sobre os Sistemas de Información dos Servizos de Emprego, e ten publicado diversos artigos na revista *Euro* do Centro de Documentación Europea.

Ata o de agora viña desempeñando o cargo de director xeral de Relacións Laborais.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DIRECTORA XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN

María Amparo González Méndez

María Amparo González Méndez é licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Entre os anos 2003 ao 2005, desempeñou os cargos de directora de Formación e Emprego da Confederación Empresarial de Ourense (CEO) cargo que compatibilizou co de secretaria xeral da Federación Galega de Asociacións de Instaladores Eléctricos e Telecomunicacións (FEGASINEL); de 2005 a 2009 foi deputada da VII lexislatura do Parlamento de Galicia e no ano 2009 foi nomeada directora xerente da FUNGA.

Desde febreiro de 2012 ocupaba o cargo de directora xeral de Promoción do Emprego.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DIRECTORA XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN

Ana María Díaz López

Naceu en 1966, e é licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, diplomada pola Escola de Práctica Xurídica do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. É funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia e conta con diploma de Directivo.

-2005-2009: Xefa de Sección na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Coruña.

-2003-2005: Delegada Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña.

-1998-2003: Xefa de Servizo Xurídico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña.

-1997: Xefa do Gabinete Xurídico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Coruña.

-1993-1997: Posto Base Grupo A na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura de A Coruña.

-1993: Inspectora de turismo na Secretaría Xeral para o Turismo.

Na actualidade exercía como directora xeral de Formación e Colocación.

A XUNTA PON DESDE HOXE VIVENDAS SOCIAIS Á DISPOSICIÓN DOS AFECTADOS POR DESAFIUZAMENTOS QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN MAIS DESFAVORECIDA

- *A adjudicación será en réxime de alugueiro, con prezos que varían entre os cero e os 150 euros mensuais en función dos ingresos, que en ningún caso poderán ser superiores a 2,5 veces o Iprem*
- *Así o decidiu hoxe o Consello da Xunta, que tamén acordou dar comezo á tramitación que permita implantar medidas complementarias a través do Programa Aluga*
- *En total o Programa de realoxo para colectivos afectados por execucións hipotecarias prevé axudas para 500 familias*
- *Desde o ano 2009 preto de 60 familias en situación de desamparo ou con especiais dificultades foron realoxadas en vivendas de promoción pública*

A Xunta de Galicia porá en marcha un Programa de realoxo para colectivos afectados por execucións hipotecarias aos cales ofrecerá vivendas de promoción pública e, nos casos en que non se dispoña destas ou non se adapten ás necesidades, vivendas en alugueiro a través do Programa Aluga, segundo establece o acordo adoptado hoxe polo Consello da Xunta.

O Programa díxírese a paliar o problema das execucións hipotecarias nas capas máis desfavorecidas da sociedade e pretende complementar as medidas instrumentadas polo Goberno central.

Con tal fin, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a adjudicación directa de vivendas de promoción pública aos afectados por execucións hipotecarias que cumpran os requisitos que establece o Decreto 253/2007, que regula o réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Asemade, o Consello aprobou o inicio da tramitación para implantar medidas complementarias ao amparo do Programa Aluga para satisfacer as necesidades alí onde non se dispoña de vivendas de promoción pública ou non se adapten ás necesidades das familias afectadas.

A medida será de aplicación inmediata no caso da adjudicación de vivendas de promoción pública dispoñibles ata o día de hoxe en Galicia, que suman preto de 150. O Instituto Galego da Vivenda e Solo está a traballar na elaboración da orde que permitirá ás persoas e familias afectadas por desafiuzamentos acceder ás vivendas do programa Aluga.

Requisitos

Os beneficiarios das axudas establecidas pola Xunta de Galicia deberán cumprir dous requisitos fundamentais:

- Que os ingresos non sexan superiores a 2,5 veces o Iprem
- E que se trate da execución hipotecaria da súa única vivenda.

Ademais, terán prioridade na adxudicación destas vivendas os seguintes colectivos:

- Familias numerosas
- Unidades familiares monoparentais con fillos a cargo
- Unidade familiar en que un dos seus membros (ou parentes ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade que convivan na vivenda) teñan declarada discapacidade, situación de dependencia ou enfermidade que incapacite para realizar unha actividade laboral.
- Unidade familiar en que o debedor hipotecario se atope en situación de desemprego
- Unidade familiar en que exista unha vítima de violencia de xénero.

Vivendas de promoción pública

Na actualidade o IGVS dispón de preto de 150 vivendas de promoción pública vacantes que podería destinar a cubrir as necesidades inmediatas do colectivo de afectados polas execucións hipotecarias.

Asemade, podería destinarse a este programa un 10 por cento das vivendas de promoción pública que se atopan en construción e cuxo remate está previsto a partir de 2013, o que permitiría dispoñer a curto prazo doutras 46 vivendas.

Á parte dos criterios de prioridade indicados anteriormente, a adxudicación das vivendas realizarase en función dos ingresos económicos dos afectados por execucións hipotecarias.

No caso de que os ditos ingresos sexan inferiores a unha vez o Iprem, a adxudicación realizarase en réxime de ocupación temporal (sen custo de alugueiro) por un prazo inicial dun ano renovable como máximo ata dous anos.

No caso de que os ingresos estean entre unha e 2,5 veces o Iprem, a adxudicación será en réxime de aluguer mediante o pagamento das rendas establecidas no decreto que regula as vivendas de promoción pública e que pode estimarse entre 80 e 150 euros mensuais, en función das características da vivenda e dos ingresos familiares.

Programa Aluga

O Consello da Xunta tamén acordou iniciar a tramitación para implantar medidas complementarias ao amparo do Programa Aluga, ao cal se recorrerá exclusivamente cando non se dispoña de vivendas de promoción pública ou estas non se adapten ás necesidades da familia afectada.

As familias realoxadas a través do Programa Aluga beneficiaranse das vivendas en réxime de alugueiro subvencionado en función dos ingresos, sempre dentro do límite do 2,5% do Iprem.

Procedemento de adxudicación

En total o Programa de realoxo para colectivos afectados por execucións hipotecarias pretende dar cobertura a un máximo de 500 familias, entre vivendas de promoción pública e vivendas do Programa Aluga.

A adxudicación das vivendas realizarase por un procedemento único:

1. Presentación de solicitude, por parte dos interesados, ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo.
2. Revisión da documentación presentada.
 - No caso de existir vivenda de promoción pública apropiada para o caso, o expediente remítese á Comisión Provincial de Vivenda que, segundo o decreto que rexe as vivendas de promoción pública, é a encargada de propoñer a adxudicación directa.
 - De non dispoñer de vivenda de promoción pública remítese o expediente ao Programa Aluga para a adxudicación dunha vivenda deste.
3. Adxudicación directa da vivenda por Resolución do presidente do IGVS

Outras actuacións da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, xa introduciu medidas específicas na Lei de vivenda dirixidas a paliar os efectos das execucións hipotecarias.

Así, a Lei regula as vivendas de inserción ou asistenciais. Trátase de vivendas de promoción pública promovidas en colaboración entre o IGVS e administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro que leven a cabo actividades e programas de carácter social, para que poidan dispoñer de vivendas e destinalas a persoas que requiran especial atención polas súas circunstancias persoais, económicas ou sociais.

Tamén no eido da vivenda de promoción pública, o artigo 54 establece a posibilidade de aprazar ou fraccionar o pagamento das vivendas no caso de imposibilidade acreditada de pagamento da vivenda de promoción pública por unha situación transitoria de precariedade económica.

Polo que respecta ás vivendas de protección autonómica (de promoción privada), a Lei de vivenda posibilita a adquisición das ditas vivendas por parte de entidades financeiras,

mentres que ata o de agora os propietarios das vivendas protexidas so podían ser persoas físicas.

Esta posibilidade poderá aplicarse cando se cumpran dous requisitos:

- a adquisición se realice por dación en pagamento
- a adquisición a realice a entidade que formalizase o préstamo hipotecario da dita vivenda.

As vivendas así adquiridas so poderán destinarse á finalidade e aos destinatarios que determine o réxime xurídico aplicable a elas. Esta medida facilita a dación en pagamento nas vivendas protexidas.

Á parte destas medidas, a Xunta xa estaba actuando e destinando as vivendas de promoción pública, recuperadas ou vacantes despois do procedemento de adxudicación, ao realoxo de familias en situación de desamparo ou con especiais dificultades. Desde 2009 preto de 60 familias foron realoxadas en vivendas de promoción pública.

A XUNTA DE GALICIA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE O CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA (BOIRO)

- ***A Consellería de Cultura e Educación considera que a catalogación deste centro como colección visitable contribuirá á recuperación, investigación e difusión do patrimonio cultural dos Castros de Neixón***

O Consello da Xunta acaba de recoñecer, autorizar e cualificar como colección visitable o Centro Arqueolóxico do Barbanza, no concello de Boiro. Este recoñecemento garante a difusión e posta en valor do patrimonio arqueolóxico dos Castros de Neixón, tanto das ruínas arqueolóxicas como dunha parte representativa dos bens patrimoniais exhumados nas campañas de escavación levadas a cabo nos últimos anos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria cataloga este centro como colección visitable para recuperar, estudar, investigar e difundir o patrimonio cultural relacionado cos Castros de Neixón. Este centro posibilita que os restos atopados no xacemento se custodien e se expoñan de xeito ordenado para coñecer e reconstruír amplamente o modo de vida da sociedade castrexa. A través deste espazo móstranse os diversos aspectos relacionados coas xentes que habitaron os asentamentos fortificados próximos e coas súas actividades máis salientables.

O Centro Arqueolóxico do Barbanza vén demostrando ao longo da última década a súa capacidade para a organización de actividades de difusión, reunións científicas de carácter internacional, publicacións diversas, investigacións, exposicións temporais etc., propias dun centro museístico. Este centro posúe recursos para o tratamento técnico científico dos fondos, conta con fondos bibliográficos de apoio á catalogación, permite o acceso a diferentes investigadores e dispón dunha colección de fondos arqueolóxicos estimada polo momento en 15.000 pezas.

Os Castros de Neixón (San Vincenzo de Cespón, Boiro), en canto conxunto de asentamentos fortificados pertencentes ao mundo castrexo, están declarados Ben de interese cultural.

Referente da cultura castrexa

O Centro Arqueolóxico do Barbanza comeza a funcionar a finais de 2002 como un centro de titularidade pública dependente do Departamento de Cultura e Patrimonio do Concello de Boiro que asume a súa xestión e financiamento. No plano arqueolóxico o centro está estreitamente vinculado ao complexo arqueolóxico de Neixón. Neste asentamentos fortificados da Idade do Ferro desenvolvéronse dende comezos do século XX ata a actualidade importantes campañas arqueolóxicas que o converten nun dos referentes para a investigación arqueolóxica da cultura castrexa.

Esta institución introduce o visitante nas diversas manifestacións culturais da prehistoria recente da península do Barbanza, como son o megalitismo, a arte rupestre e a cultura castrexa. Asemade, este centro contribuirá á difusión e posta en valor do patrimonio arqueolóxico dos castros de Neixón, tanto das ruínas arqueolóxicas como dunha parte representativa dos bens patrimoniais exhumados nas campañas de escavación levadas a cabo nos últimos anos.

O discurso expositivo deste Centro ofrece, agrupados en oito unidades temáticas, un achegamento á sociedade que habitou o sitio arqueolóxico entre mediados do primeiro milenio a.C. e os séculos III-IV d.C., salientando aspectos derivados da elaboración artesanal, aproveitamento dos recursos naturais, comercio, organización social, etc. Esta explicación complétase coa exhibición do obxectos orixinais máis representativos procedentes das escavacións arqueolóxicas levadas a cabo no xacemento.

A XUNTA APROBA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRADO DE HELICÓPTEROS E BRIGADAS HELITRANSPORTADAS ANTIINCENDIOS

- ***O feito de xuntar a dispoñibilidade das aeronaves e a prestación do servizo das brigadas helitransportadas permite optimizar funcionamento e custos***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se autoriza a contratación –mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e anticipada de gasto– do servizo integrado de helicópteros e brigadas helitransportadas con destino á prevención e defensa contra incendios forestais durante as precampañas e campañas dos anos 2013 e 2014.

A experiencia dos últimos anos indica que o emprego de helicópteros nas tarefas de vixilancia e, sobre todo, de extinción, ten resultados moi positivos: debido á súa mobilidade, poden chegar practicamente ata calquera punto da nosa orografía sen depender das características ou do estado dunha estrada ou dunha pista forestal e poden cargar o seu depósito nunha gran variedade de lugares (encoros, ríos, regatos, pozas, balsas, mar) sen teren que volver ao aeródromo.

Porén, é un medio que precisa de persoal especializado e autorizado para a realización dos labores de pilotaxe, mantemento ou reparación, o que supón a necesidade da contratación dun servizo que permita a dispoñibilidade total desas aeronaves, completamente equipadas e tripuladas.

Optimiza funcionamento e custos

A proposta de xuntar ao servizo das aeronaves a prestación do servizo das brigadas helitransportadas (transporte das brigadas e equipamentos de extinción ata os incendios forestais, para participar na súa extinción) supón establecer un servizo integral que optimiza funcionamento e custos, ademais do aforro que implica a exención do IVE (relativa ao frete das aeronaves) para o conxunto do contrato.

A finalización, sen posibilidade de prórroga, das anteriores contratacións de helicópteros, fai necesaria a contratación dun novo servizo, propoñendo a tramitación anticipada para posibilitar a cobertura destes medios na precampaña do ano 2013.

A XUNTA DECLARA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUNHA LIÑA DE ALTA TENSIÓN SOBRE TERREOS DUN MONTE VECIÑAL NO ROSAL

- ***O acordo do Consello comprende unha superficie de 11,31 hectáreas de montes veciñais en man común pertencentes á comunidade de Santa Mariña do Rosal***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Liña de alta tensión Gondomar-O Rosal", sobre a que cualifica o monte veciñal en man común de Santa Mariña, pertencente á comunidade homónima do concello pontevedrés do Rosal.

Este proxecto -que conta cunha superficie total de afección de 11,31 hectáreas- permitirá mellorar a subministración eléctrica no contorno do Rosal.

Tras a autorización do proxecto por parte da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, o Servizo de Montes da provincia de Pontevedra remitiu informe favorable, tendo en conta todas as razóns e conveniencia deste servizo público e do uso de enerxía limpa na zona e sen que se presentasen alegacións ao dito proxecto por parte da comunidade de montes.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorablemente desta prevalencia en virtude do artigo 6 do Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.